



CIRCULAR 106-2019.

XVI COPA DE GALICIA DE CLUBS DE PISTA CUBERTA

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza a XVI Copa de Galicia de Clubs en Pista Cuberta o día 11 de Xaneiro de 2020, nas pistas de atletismo de Ourense en Expourense.

Art.2).- Poderán intervir un total de 8 clubs, masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados masculinos e femininos, respectivamente, do Campionato de Galicia de Clubs ó aire libre da pasada tempada 2018/19. Os clubs son:

Homes: Sociedad Gimnástica de Pontevedra, Real Club Atletismo Celta, C.A. Santiago e C.A. Narón.

Mulleres: Ría Ferrol, Atletismo Femenino Celta, Sociedad Gimnástica de Pontevedra e Atlética Lucense.

Así como os catro clubs, masculinos e femininos, que mellor puntuación obteñan mediante estadillo de marcas da tempada 2018-2019 e da tempada actual ata o 2 de xaneiro de 2020 dos atletas (aínda que no ano 2019 pertenceran a outro club) con licenza por ese club nas probas seguintes:

Homes: 50, 60 ou 100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 50v, 60v ou 110v, altura, lonxitude, triplo, pértega e peso.

Mulleres: 50, 60 ou 100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 50v, 60v ou 100v, altura, lonxitude, triplo, pértega e peso.

O estadillo conformarase cun atleta por proba e cada atleta poderá puntuar nunha soa proba, realizándose o estadillo a través da intranet da RFEA: ([hhttps://isis.rfea.es/sirfea2/](https://isis.rfea.es/sirfea2/)) como data límite o día **2 de xaneiro de 2020**. Os rexistros deberán ser conseguidos en probas oficiais e en condicións regulamentarias.

Art.3).- As probas que se disputarán serán as seguintes:

Homes e mulleres: 60, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 60v, altura, pértega, lonxitude, triplo, peso e relevo (4v, 3v, 2v e 1v).

Art.4).- Cada club poderá presentar un atleta (ou equipo) por proba podendo participar cada atleta nunha soa proba e un relevo. Os equipos deben cubrir un mínimo de 11 postos na competición.



Aplicarase a mesma normativa que a establecida pola RFEA para as súas competicións de clubs:

- Todos os integrantes dos equipos deberán estar en posesión da licenza nacional ou autonómica en vigor.
- O número máximo de participacións de atletas estranxeiros será de 3 con licenza nacional de atletismo antes do 1 de Xaneiro de 2020. Esta limitación non é aplicable para atletas de categoría Sub 16 e Sub 18.
- Cada club poderá utilizar un máximo de 3 participacións de atletas de Clubs Asociados (atletas Sub 23 ou menores)
- O número de cambios que poderá efectuar cada club con respecto á inscrición inicial será de 4. Os cambios na proba de relevos, sobre as inscricións realizadas previamente non se contabilizarán. Os cambios deberán realizarse na Secretaría de Competición, ata 30 minutos antes do comezo de cada proba respectiva, agás concursos 45 minutos.
- Categoría Sub 16 (unha soa proba individual ou a segunda posta do relevo) e cando esta se contemple no cadro de probas válidas para esta categoría)
- Categoría Sub 18 (só poden facer unha proba individual e un relevo, no caso de participar en dúas carreiras só poderá realizar unha de máis de 200m)

Art.5).- Os atletas terán a obriga de saír á zoa de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada.

Art.6).- Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, agás na pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7).- A puntuación en todas as probas, incluído o relevo, efectuarase da seguinte forma: 8 puntos ao 1º, 7 ao 2º, 6 ao 3º, 5 ao 4º, 4 ao 5º, 3 ao 6º, 2 ao 7º e 1 ao 8º. Os atletas (ou equipos) retirados ou descualificados non puntúan.

- En caso de empate entre dous ou máis atletas, os puntos repartiranse.
- A clasificación será independente entre os homes e as mulleres.
- O club vencedor será o que obteña o maior número de puntos. En caso de empate declarase vencedor o club que consiga un maior número de primeiros postos, e de seguir o empate o que teña maior número de segundos postos, e así sucesivamente.

Art.8).- Haberá trofeo para os tres primeiros clubs masculinos e femininos clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.9).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) antes das 20:00 horas do **martes 7 de xaneiro**.

Art.10).- Os/As atletas disporán de 4 intentos en lanzamentos e saltos horizontais.

Art.11).- **Alturas dos listóns:** A cadencia publicarase co horario definitivo.



Art.12).- A distancia das táboas decidírase en función das marcas dos participantes.

Art.13).- O sorteo e orde das rúas efectúarase unha vez recibidos os clubs participantes.

Art.14).- Permitirase a participación de atletas fóra de concurso, pertencentes aos clubs participantes, nas probas que se disputen por rúas, de xeito que se admitirán tantas marcas como rúas estean baleiras. Non puntuando en ningún caso estes atletas polos clubs participantes, aínda que poderán formar parte dos equipos en probas diferentes.

Art.15).- Realizaranse 2 series en cada unha das probas que se disputan por rúas, dividíndose os clubs participantes en 2 series en función das inscricións cotexadas de cada club (nas probas de 200 e 400 nunha serie irán a mellor e terceira marca e na outra a segunda e cuarta mellor marca, utilizándose as rúas da 3 a 6). As marcas deberán ser oficiais e acadadas na tempada 2017-2018 ou ben na 2018-2019. Se se realizase algún cambio, a marca a ter en conta será a acreditada polo atleta que entra na proba.

Na carreira de relevo as series faranse cos 4 equipos mellor clasificados coas probas disputadas e sumadas ata ese momento na serie A, e cos restantes na serie B, sendo a serie B a primeira en disputarse.

Art.16).- Horario provisional:

XORNADA DE TARDE				
		16:30	Altura	Mulleres
			Lonxitude	Mulleres
			Pértega	Homes
60v	Mulleres	17:15		
60v	Homes	17:30	Peso	Mulleres
800	Mulleres	17:40	Lonxitude	Homes
800	Homes	17:50		
200	Mulleres	18:00		
200	Homes	18:10		
1500	Mulleres	18:10	Peso	Homes
1500	Homes	18:20		
60	Mulleres	18:30	Altura	Homes
			Triplo	Mulleres
60	Homes	18:35	Pértega	Mulleres
400	Mulleres	18:45		
400	Homes	18:55		
3.000	Mulleres	19:05		
3.000	Homes	19:20	Triplo	Homes
Relevo	Mulleres	19:45		
Relevo	Homes	19:55		

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN NA CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba.

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba.

Concursos (agás pértega): 30min antes da hora oficial da proba.

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba.

Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial á pista.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.17).- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas, por esta orde: FGA, RFEA e IAAF.

A Coruña, 20 de decembro de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo